

Aula día 26. De Comunidade a Interpersoal.

Ficha: “sentido común”

Clifford Geertz: “ A análise do sentido común, a diferenca da súa posta en práctica, redebuxa a distinción entre a aprehensión da realidade e a sabedoría coloquial, mundana, os xuízos e aseveracións basados nesta. Cando decimos que alguén ten sentido común, non só queremos suxerir o feito que utiliza os seus ollos e oídos, senon que tenta mantelos abertos, utilizándoos xuízos, intelixente, perceptiva e reflexivamente, e que é capaz de enfrontarse aos problemas cotiás dun xeito cotiá, e con certa eficacia. Cando lle falta sentido común, detúrpase nos problemas cotiás que a vida verque ao seu paso: que sae da casa nun día anubado sen parachuvas. (...) o sentido común é máis que nada unha interpretación das inmediateces da experiencia, como o son o mito, a pintura ou a epistemoloxía ou calquera outra cousa que está construída historicamente, e suxeita a pautas de xuízo definidas historicamente. (...) non se amosa o sentido común ou a falla deste por empregar un coitelo e un tenedor. Amósase ao tratar cun mendigo ou cun erro mecánico cando non se teñen as ferramentas axeitadas. (...) o sentido común non é o que percibe espontaneamente unha mente liberada de propensións; é, máis ben, o que asocia unha mente cheia de presuncións.”

Geertz propón como “cualidades” do sentido común a naturalidade, a practicidade, a transparencia, a asistematicidade e a accesibilidade. Coa naturalidade develamos a magnificencia, a seriedade, o misterio e a outredade das cousas e seres. Coa practicidade a astucia, non a sumarse ó útil polo útil. Coa transparencia a simplicidade ou a literalidade. Coa asistematicidade o absurdo e a contradicción (eu teño multitudes en min, como decía Whitman). A accesibilidade é unha consecuencia lóxica das outras “cualidades”: é, simplemente, que calquera persoa, coas facultades razoablemente intactas, pode chegar a conclusións de sentido común e que, unha vez as enuncia, as acepta sen reservas.

O sentido común representa ó mundo como algo familiar, un mundo que calquera pode e podería recoñecer e no que calquera pode manterse sobre os propios pés.

Ficha: “decencia común”

George Orwell: “ser humano consiste esencialmente en non buscar a perfección, en estar disposto ás veces a cometer pecados por lealdade, a non levar o ascetismo até o punto en que convirte en imposibles as relacións de amizade, e en aceptar finalmente ser vencidos e destruídos pola vida, pois ese é o prezo inevitable do amor que damos aos outros.” (Collected essays, journalism and letters of George Orwell; eds. Sonia Orwell e Ian Angus. Boston: Nonpareil Books, 1968).

Orwell decía que hai que saber estar conforme co mundo, dantes de cambialo. Toda política revolucionaria (e a da vida a é) require algo de *amor mundi*. Aínda denunciando a pasividade dos homes comúns, Orwell depositaba a súa

confianza política neles. A loita política, para o xornalista e escritor, non tería sentido se a decencia fora unha simple cualidade moral, trátase dunha práctica e, como tal constitúe unha fonte de acción. O home común búrlase sempre do poder, non consegue descifralo e, en certo sentido, nen sequera pretende realmente coñecelo e, moito menos, conquerilo. Está demasiado resignado para iso.

A decencia común, para Orwell, non é unha simple premonición afectiva do ben; é unha conducta social, unha maneira honesta de actuar en común que repousa na práctica histórica e tradicional das relacións sociais. Portanto, tal honestidade non é simplemente unha virtude interna, se non que se expresa directamente nos comportamentos e manifestacións obxectivas da personalidade: a capacidade de compartir, a axuda mutua entre a xente común, a desconfianza fronte toda forma de autoridade. Non se trata de renunciar á reforma social, pero, di Orwell, esta só pode levarse ó cabo se está fundamentada sobre o mundo da vida. Se non se recoñece algún valor á vida ordinaria resulta case inevitable condear ao conxunto da existencia.

A decencia común pode convivir con sentementos e prácticas que non teñen ren que ver coa moral e que, ás veces, constitúen ofensas claras. Orwell critica certos aspectos das costumes populares como a sensibilería, a desconfianza ao estranxeiro e o fatalismo. Pero non transixe coa inxustiza que a xente leva soportando tanto tempo. Sinte unha carraxe instintiva cando fala da dominación do home sobre o home, incluso na época da propaganda de masa, onde a única proposición que se fai á xente é que deixen de seren simples vítimas para convertírense en beneficiarios felices. Para Orwell as relatividades insatisfactorias da vida cotiá valen máis que as ilusións absolutas de certa crítica social e intelectual: “cando vemos a homes altamente instruídos que se amosan indiferentes ante a opresión e a persecución, preguntémonos que é máis desprezible, se o seu cinismo ou a súa cegueira”. Noutra nota explica o autor, respecto da liberdade de prensa: “O grande público non é inimigo nin partidario dela (da liberdade de prensa): non lle preocupa o asunto. Non é favorable á persecución dos herexes, pero non fai nada para defendelos. É, ao tempo, demasiado sano e demasiado estúpido para desenvolver unha mentalidade totalitaria. O ataque directo e deliberado contra a honestidade intelectual é cousa dos propios intelectuais.”